



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/05/2009 17:47
Nº Rexistro: 00817
Data envío: 12/05/2009 17:47:19.315


Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta escrita, relativa á utilización de toponimia deturpada e á exclusión do idioma galego na páxina web oficial da Seguridade Social.

No sitio web da Seguridade Social, pertencente ao Ministerio de Traballo e Inmigración (Goberno español) (www.seg-social.es) estanse a utilizar topónimos galegos deturpados (“Villalba”, “El Salgueiral”, “Villagarcía de Arosa”, etc), e mesmo se exclúe a lingua galega na inmensa maioría deste sitio web, nomeadamente en todo o que ten a ver cos modelos de formularios e posibilidades de tramitación. En definitiva, non se considera o galego como un idioma válido para a realización de xestións na Seguridade Social. Resulta chamativo que sexa o propio Goberno español, no canto de dar exemplo, quen conculca a legalidade vixente en materia toponímica.

É evidente que estes feitos vulneran a legalidade: Artigo 10 da Lei 3/1983 de Normalización Lingüística, e a Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias, entre outros, que vinculan tamén á Administración Xeral do Estado (neste caso á Seguridade Social) ao cumprimento e respecto dos dereitos lingüísticos de galegas e galegos.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/05/2009 17:47
Nº Rexistro: 00817
Data envío: 12/05/2009 17:47:19.315

Que accións emprende a Secretaria Xeral de Política Lingüística perante o Ministerio de Traballo e Inmigración (Seguridade Social) do Goberno español a fin de garantir o cumprimento da legalidade lingüística?

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2009.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 12/05/2009 17:43:12